



Denominación da actividade formativa	XORNADA "A PREVENCIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS DENDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO: ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NO TRABALLO". 4 horas.
Modalidade	Presencial, desenvolvida por profesionais expertos en igualdade de xénero.
Nº de participantes	Mínimo de 15 alumnos/as
Nº de horas	4 horas por edición

EDICIÓN	ENDEREZO	DATAS	HORARIO
A Coruña	FUNDACIÓN RAIZAME As Xubias de Arriba, Nº 15 15006 – A Coruña	Martes, 25 de Xuño	16.00h a 20.00h
Pontevedra	Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra Avenida de María Victoria Moreno, nº43 36003 Pontevedra	Xoves, 20 de Xuño	16.00h a 20.00h

Breve descrición:

A problemática do acoso sexual, así como do acoso por razón de sexo no eido laboral xa foi abordada pola propia Organización Internacional do Traballo (OIT) e a Comisión Europea, a través dunha serie de recomendacións, definicións e clasificacións, así como unha serie de medidas preventivas e de actuación no ámbito da prevención de riscos laborais. Do mesmo xeito, en España, tamén se foron propoñendo unha serie de medidas e actuacións baixo a perspectiva da prevención de riscos laborais, a través de notas técnicas preventivas, informes e outros estudos diversos, precisando incluírse as diversas consideracións respecto da lexislación nacional sobre esta materia.

Sen embargo, a planificación preventiva na empresa respecto deste tipo de riscos aínda é moi deficiente, en gran medida, debido a que son cuestións que abranguen problemas que diferencian aos sexos, e en consecuencia, non son abordados coa mesma intensidade aqueles riscos que, pola súa natureza, afectan a un porcentaxe moi elevada da poboación traballadora feminina.

Contidos:

- O acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo (concepto, características e exemplos).
- Consecuencias do acoso sexual e do acoso por razón de sexo no traballo. Identificación dos riscos psicosociais e o clima laboral asociado.
- A prevención e a actuación ante situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo no traballo (medidas colectivas e actuacións de carácter individual)

Destinatarios:

Dirixida a calquera persoa traballadora de calquera sector produtivo de Galicia que poida ser coñecedora, verse afectada ou estar implicada en situacións de acoso sexual e/ou de acoso por razón de sexo no seu ámbito laboral.

As persoas asistentes que desenvolvan con aproveitamento esta actividade recibirán un diploma acreditativo.

Inscripción:

As persoas interesadas deberán remitir un correo electrónico a formacion@csif.gal, indicando o nome e apelidos, o DNI, o enderezo electrónico así como o teléfono de contacto e sinalando o lugar da xornada onde desexa asistir.

co financiamento de

